



ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO

10 DE OUTUBRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do xoves 10 de outubro de 2024** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Luis Antonio Pérez Barral o 07-10-2024) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario**.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según Decreto de Alcaldía de data 7 de outubro de 2024

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Juan María Brión Santamaría
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo Sr. Secretario xeral da Corporación, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo Sr.Interventor do mesmo. **D. Pablo Bao Castro**.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 30 DE SETEMBRO DE 2024



FIRMANTE - FECHA



Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o 30 de setembro de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **30 de setembro de 2024**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2024.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO 2024.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 7 de outubro de 2024 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

“Visto que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que as Corporacións Locais aprobarán, no seu ámbito, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

Visto o proxecto de Orzamentos do Concello de Ribeira para o ano 2024.

Visto o informe de Intervención, que afirma que ditos orzamentos cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

Visto que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 31.187.864,60euros e que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto é de 32.523.009,51 euros,

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:

PRIMEIRO.- Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2024 a cantidade de 31.187.864,40euros.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía sobre o ditame da Comisión Informativa Especial de contas de data 7 de outubro de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 10 PP

Acta Pleno Extraordinario 10 de outubro de 2024 2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015C0AC00C9F4S1P4I5J6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/10/2024 14:54:17

DOCUMENTO: 20241425580
Fecha: 30/10/2024
Hora: 14:54

CSV: 07E80015C0AC00C9F4S1P4I5J6



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Especial de Contas, de data 7 de outubro de 2024, sobre **APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO 2024** e, en consecuencia aproba:

ÚNICO:-Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2024 a cantidade de 31.187.864,40euros.

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2024. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 7 de outubro de 2024 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

MEMORIA DA ALCALDÍA
ORZAMENTO MUNICIPAL 2024

O Orzamento Municipal é a ferramenta indispensable para un correcto funcionamento da Administración Local. É moito máis que unha simple cifra ou un conxunto de números, é a ferramenta que permite que unha comunidade funcione de maneira eficiente, equitativa e transparente. Xa que logo co presente Orzamento pretendemos seguir mellorando o concello de Ribeira, facendo un uso correcto dos fondos dispoñibles e cunha xestión correcta e eficaz para contribuírao benestar de tódolos habitantes de Ribeira.

Este orzamento é o resultado dun esforzo realizado pola área de Economía e Facenda mais tamén doutras áreas e, por tanto, un traballo colectivo no que se tivo en conta a nosa comunidade, co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía e garantir o desenvolvemento da nosa vila.

Presentamos o Orzamento para o ano 2024, un exercicio marcado polas circunstancias económicas globais que impactan de maneira directa nas nosas contas. Sabemos que estamos a atravesar un contexto de grandes desafíos, onde o aumento nos prezos dos materiais, a inflación, e os custos enerxéticos afectan a todos os niveis. É importante que comprendamos que, como institución, non somos alleos a esta realidade. A escalada dos prezos está a provocar que o Concello teña unha capacidade económica máis axustada para dar resposta ás necesidades da nosa comunidade. Con todo, é a nosa responsabilidade seguir xestionando os recursos municipais con eficacia, para garantir o benestar de todos os nosos cidadáns.

Malia todas as dificultades que temos sobre a mesa, traballamos incansablemente para que o Orzamento 2024 non só manteña o nivel de calidade dos servizos que ofrecemos, senón que o mellore e reforce as áreas que máis o requiren. Este orzamento reflicte un firme compromiso co benestar da veciñanza, coa mellora continua da nosa contorna e co desenvolvemento dunha Ribeira que medra e avanza.

Con estas contas o goberno local segue pretende seguir respondendo ás demandas da veciñanza e tamén impulsar proxectos que contribúan ao crecemento e desenvolvemento da actividade económica e empresarial, apoiara actividade cultural, deportiva e educativa de Ribeira e das súas parroquias. O coidado de persoas maiores, dependentes ten tamén reflexo no orzamento que se presenta, sendo un dos epígrafes que máis soben. Recolle este orzamento distintos proxectos de investimento que están condicionando a acción do goberno municipal. Seguimos tendo neste orzamento proxectos nos que temos uns compromisos que foron adquiridos polo goberno anterior, que de non executalos suporía unha perda de fondos procedentes doutras administracións. Isto implica que debemos comprometer recursos económicos para paga infraestruturas xa realizadas como auditorio, módulo cuberto de atletismo e taekwondo, entre outras, así como facturas pendentes de cobro de anualidades anteriores.

Presentamos este documento económico xustamente 364 días despois de termos aprobado o primeiro Orzamento deste mandato actual 2023-2027, por tanto, este goberno está presentando a orzamento por ano. Malia o anterior,



somos conscientes de que esta aprobación puidera dar a idea de que sería pouco útil, mais é preciso o trámite para posibilitar os procesos de licitacións de proxectos condicionados a prazos determinados e dar cobertura tamén ás necesidades de crédito que presentan diversas partidas de gasto, para afrontar pagamentos de servizos xa realizados e dar viabilidade a continuidade do funcionamento dos servizos públicos que presta esta Administración.

Grazas á planificación e ao esforzo emprendido por este Goberno Local, imos poder aprobar as contas para o exercicio do ano 2024. A aprobación deste Orzamento claro e detallado, facilitará que poidamos levar a cabo obras públicas, programas sociais, servizos de seguridade, educación, saúde e outros aspectos esenciais cos que atender as necesidades da cidadanía.

As contas do ano 2024 cumpren fielmente o compromiso adquirido coa veciñanza de Ribeira para ter uns Orzamentos que responden ás necesidades básicas da poboación e reducen o dispendio no Concello de Ribeira. En segundo lugar, coa aprobación destas contas garántese o bo funcionamento dos servizos municipais, anticipanse os retos futuros e refórzase a estabilidade institucional e económica da Administración Local. Por suposto, trátase de ir dando resposta, progresivamente, ás propostas que nos formularon os veciños e veciñas ao tempo que tratamos de reforzar áreas sensibles e prioritarias como son a de mantemento, seguridade ou coidado de persoas.

A presente Memoria, elaborada de acordo cos artigos 168.1.a) do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, pretende explicar o contido do Orzamento Municipal para o exercicio 2024 que se somete á consideración do Pleno da Corporación, así como as principais modificacións que presenta respecto ao do exercicio anterior.

INTRODUCCIÓN

A elaboración do Orzamento Municipal constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, un orzamento permite unha asignación xusta e equitativa dos recursos. Isto significa que, na medida das posibilidades, podemos destinar os fondos necesarios para atender as áreas que máis o requiren e sempre tendo presente a disposición orzamentaria. Por exemplo, pódense priorizar proxectos como a mellora do mantemento que tanto nos demanda a veciñanza e que historicamente estivo infradotada ou investir en programas sociais que axuden a reducir as desigualdades mais tamén o facemos en menor cantidade da que nos gustaría polas obrigas recoñecidas. Un orzamento ben planificado é unha ferramenta para promover a xustiza social e a igualdade de oportunidades. Trátase en definitiva, de dar resposta ás demandas da cidadanía.

O Orzamento experimenta unha diminución do 13,04% en termos globais respecto do orzamento 2023. Esta redución dos recursos dispoñibles en 4.742.624,09€ débese a que nas contas do ano 2023 houbo que contemplar investimentos tales como a obra de renovación da casa consistorial cifrada en 3.855.000€. Así mesmo, as contas da anualidade 2023, tamén incluían os fondos achegados por distintas Administracións como: fondos NextGeneration, Pirep 1 e 2, PSTD, Fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, Compoñente 11 e distintos convenios asinados coa Xunta de Galicia para financiar as obras do novo auditorio de Ribeira. Por outra banda, o Capítulo 2 incrementábase en máis de 1.645.523 euros derivado do aumento dos custos enerxéticos, a alza dos contratos e revisión de prezos en contratos de servizos como auga, alumeadado público, lixo, dependencia ou escola infantil.

Os efectos dun incremento xeneralizado de prezos e dos tipos de xuro, é algo que impacta de cheo non só nas familias senón tamén nas propias administracións e así ten o reflexo neste documento. Mentres os gastos soben de maneira gradual, non sobe de igual maneira o capítulo de ingresos, xa que logo, dende o Concello de Ribeira estamos asumindo a alza de prezos evitando repercutila na poboación. Os recursos económicos municipais tamén están neste documento asumindo a carga que supón dar cobertura a esa atención á dependentes e maiores, así como tamén ó custe das prazas da escola infantil que non é financiado no 100% pola Consellería de Política Social. Debemos informar de que as liñas de actuacións en materia de investimentos iniciadas polo goberno anterior seguen precisando de achegas económicas con cargo ao presente orzamento e que están a supor unha carga financeira considerable e implicando, á súa vez, unha minoración de recursos para afrontar mantementos das infraestruturas existentes. En todo caso, o equipo de Goberno do Concello de Ribeira trata de aumentar aquelas partidas que son prioritarias, sendo conscientes da importancia do Orzamento Municipal como instrumento para a adecuada xestión dos servizos públicos municipais e para poñer á cidadanía no centro da nosa acción governamental.

Velai van algúns datos:

GASTO:

1. Recóllese tamén unha dotación orzamentaria para realizar unha modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), atendendo así as reivindicacións do persoal con respecto á RPT. Tamén se contemplan os gastos de persoal actualizados de acordo o incremento salarial establecido polo goberno do Estado.



2. *Un orzamento que investirá unha importante cantidade de fondos públicos grazas a Administracións públicas como a Deputación da Coruña (794.105,95€), Xunta de Galiza (629.958,62€) mais tamén grazas a Plans como o Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (936.965,17€). Tamén contemplamos un préstamo por importe de 2.610.338,17€ así como fondos propios 282.519,61€.*
3. *O capítulo II de gasto (gastos en bens correntes e servizos) incrementasen un 12,53%, tendo as seguintes particularidades:*
 - *A área de Servizos Sociais sobe un 46,20% motivado polo novo contrato de Días sen Cole para favorecer a conciliación das familias, o reforzo educativo e o asesoramento xurídico á poboación inmigrante.*
 - *O investimento que se realiza na área de Dependencia sobe un 18,65% para garantir a súa prestación ás persoas que o precisan.*
 - *En materia de mantemento apostamos por segundo ano en incrementar a consignación orzamentaria deste apartado. Nesta anualidade subirá un 11,11% para seguir impulsando estas tarefas.*
 - *Contémplase unha partida de 50.000€ para conservación de ríos e camiños.*
 - *Incrementase a partida de mantemento de fontes e lavadoiros en 20.000€ pasando de 5.000€ a 25.000€.*
 - *Na área de Mercados incrementase a partida dirixida a conservación dos equipamentos un 16,38% así como a adecuación do ciclo de cociña e hostalaría.*
 - *Na área de Museos contémplase unha suba de 5.000 euros a 12.000 para o arranxo de humidades e filtracións no museo municipal.*
 - *Os cemiterios verán incrementada a achega para o seu correcto estado de mantemento pasando de 7.500€ a 12.000€ así como un investimento de 30.000 euros para a impermeabilización de nichos.*
 - *A área de Deportes sobe un 9,23% os gastos dirixidos a mantemento de equipamentos e mobiliario deportivos. Do mesmo xeito, incrementase un 10,91% o apartado de actividades deportivas.*
 - *O Centro de Información ás Mulleres contempla un programa denominado Apoder-Arte 12.210 euros.*
 - *En materia de Benestar Animal consígnase 18.505 euros para o coidado e control das colonias felinas do municipio.*
 - *Destínase unha partida orzamentaria de 15.000 euros dirixida a regularizar o uso de terreos propiedade das comunidades de montes do concello.*
 - *Incrementase un 8,33% o orzamento destinado a control de pragas.*
 - *Sobe o orzamento de Educación en 19,93%, sendo 131.667,93 euros, que serven para facerlle fronte ao novo contrato da escola infantil e diversos gastos da propia área.*
 - *O Conservatorio de Música incrementa a súa oferta formativa e tradúcese nun novo programa denominada Aula de Seminarios que absorbe un investimento de 15.000 euros.*
 - *Créase a área de Mar cunha dotación de 8.000 euros.*
 - *Os continuos incrementos dos custos enerxéticos que afectan de maneira directa a tódolos servizos que presta o Concello, tendo que dotar 928.515,15 euros para afrontar ese gasto.*
 - *Tamén se contemplan os custos da implantación da quinta fracción dos residuos orgánicos nos que avanzar cos compromisos en materia de compostaxe. Isto supón unha alza do 15,19%.*
 - *A revisión de prezos do abastecemento da auga e do saneamento municipais que supoñen unha alza do 34,43%, sendo 504.422,59€. Tamén existe unha revisión de prezos no contrato do alumeadado público que supón unha suba do 22,99% sendo 132.584,32€ a maiores.*



FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/10/2024
 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/10/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/10/2024 14:54:17



- *A taxa de inflación está a provocar que o Concello de Ribeira dispoña de menos capacidade económica pola escalada continua dos prezos dos materiais.*

4. *Tralo incremento no pasado exercicio dun 28,05% do orzamento social a través do capítulo de transferencias, apoiando aos nosos clubs, deportistas, eventos deportivos, festas de interese social, cultural e gastronómico, ás asociacións de diversidade funcional, ás persoas maiores, ás persoas en risco de exclusión, á mocidade, a primeira infancia, así como a cidadanía en xeral a través da bonificación no transporte, este ano tamén seguimos subindo un 1,78%chegando a850.441,34 euros.*

INGRESO:

A estimación dos ingresos municipais para o exercicio 2024 require dos seguintes comentarios:

- *A variación que experimenta no seu conxunto o estado de ingresos respecto ao orzamento 2023, é dun -13,04%.*
- *Os recursos propios derivados dos impostos directos actualízanse respecto ao orzamento 2023, xustificable tendo en conta os estados demostrativos, así como altas e variación no padrón catastral.*
- *A previsión de ingresos polo ICIO actualízase respecto ao orzamento 2023, xustificable en base ao estado de execución.*

A actualización dos capítulos I,II e III experimenta unha actualización do 4,67% sendo 183.319,21€.

No capítulo IV dáse un incremento do 18,12% na Participación nos Tributos do Estado para o ano 2024 e cifrado en 1.473.825,91 euros. Polo que respecta ao capítulo de transferencias correntes e de capital, as subvencións consignadas xa están confirmadas ou se derivan de convenios prorrogables. Porén tamén é certo que se consignan subvencións solicitadas e que se veñen concedendo tódolos anos, ou no último exercicio, sendo estas a día de hoxe un infimo número, pero que aínda non están confirmadas, se ben a realización do gasto tan só terá lugar unha vez confirmadas as achegas correspondentes por parte do ente subvencionador. O total do capítulo de transferencias correntes incrementábase nun 18,07% respecto ao Orzamento 2023, ascendendo o total a máis de 12,2 millóns de euros.

O capítulo V de ingresos patrimoniais contempla os ingresos previstos por xuros das contas bancarias de que é titular o Concello; estímase un importante incremento do 72,90%, en base a licitación das puntas ou excedentes da Tesourería municipal xa que no contexto económico actual, volverán a ser retribuídos polas entidades bancarias. Tamén se consigna neste capítulo os ingresos previstos derivados das distintas concesións que ten este Concello, ademais dos ingresos anuais derivados do alugueiro da parcela no monte Santo Alberte.

No capítulo VI, neste exercicio consígnanse ingresos polo importe de 4.617,25 euros derivados do aproveitamento da madeira do monte de Santo Alberte.

O capítulo VII de ingresos experimenta unha redución de 7.198.908,66 euros. Esta diminución explícase debido ao carácter plurianual das actuacións que foron consignadas na súa totalidade no Orzamento 2023. Dende o goberno local seguimos traballando para a consecución de novos fondos europeos tan pronto como saquen as novas liñas de financiamento. O total do capítulo de transferencias de capital ascende a máis de 2,3 millóns de euros para o financiamento dos distintos proxectos que figuran no anexo de investimentos.

Por último, en relación ao capítulo IX de ingresos, incrementábase as operacións de endebedamento bancario un 2,57%. O nivel de endebedamento acada o 56,10% do total.

Tamén figura un novo préstamo polo importe de 2.610.338,17 euros para o financiamento e o cofinanciamento das actuacións e proxectos que figuran no anexo de investimentos e no que se especifica cada importe.

Tamén se recolle, unha axuda específica da Deputación da Coruña a través do Plan Único de concellos (POS+ adicional 3/2024) polo importe de 76.414,19 euros, cuxo destino é a amortización parcial anticipada do préstamo provincial PAI 2015.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade, cun superávit orzamentario de máis de 683mil de euros en termos de capacidade de financiamento da cordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).

A estimación dos ingresos son en base á aplicación do elemental principio de prudencia.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241425580
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/10/2024	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/10/2024	Fecha: 30/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/10/2024 14:54:17		Hora: 14:54



Así as cousas, o Orzamento Municipal do Concello de Ribeira para o exercicio 2024, integrado unicamente polo do propio Concello, ascende a un total de 31.615.596,22euros.O importe global do orzamento para o exercicio 2024 representa, aproximadamente, 1.170,95euros por habitante (considerando unha poboación próxima aos 27.000 habitantes)

A análise completa do Orzamento pon de manifesto no informe económico financeiro que se detalla no expediente.

Bases de Execución do Orzamento

De acordo co previsto no Real Decreto 500/1990 e no RDL 2/2004, as Bases de Execución son o equivalente a un Regulamento de Orzamentos Xerais a nivel do Concello. Regúlanse as seguintes materias:

- Niveis de vinculación xurídica dos créditos.
- Relación de créditos ampliáveis
- Regulación das transferencias de crédito.
- Tramitación dos expedientes de modificación de crédito e incorporación de remanentes de créditos.
- Normas reguladoras do procedemento de execución do Orzamento.
- Desconcentracións e delegacións en materia de autorizacións e disposicións de gastos.
- Documentos e requisitos que xustifiquen o recoñecemento das obrigacións.
- Acumulación de fases de execución do gasto.
- Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Regulación de gastos plurianuais.
- Fiscalización.
- Criterios de dubidoso cobro a aplicar para calcular o remanente de tesourería.
- Normas que han de rexer a concesión de subvencións.

Basicamente, o contido das Bases de Execución mantense nos mesmos termos que no exercicio anterior, co fin de convertelas nun auténtico instrumento de execución do orzamento de acordo co esixido na normativa reguladora das facendas locais, de xeito tal que en relación ao seu contido interesa destacar o seguinte:

- a) Establécese unha referencia explícita para o caso de subvencións nominativas a conceder no exercicio, se fora o caso, non previstas inicialmente no Orzamento.
- b) Inclúese o listado de subvencións nominativas previstas no Orzamento inicial.
- c) Adaptación de determinadas normas o previsto na nova normativa contable de aplicación para a Administración Local.
- d) Establécese a competencia do Alcalde-Presidente ou da Xunta de Goberno Local para aprobar aquelas modificacións do anexo de investimentos que non leven aparelladas alteracións do importe máximo da operación de préstamo a concertar, se fora o caso, sempre e cando as alteracións afecten a partidas pertencentes ao mesmo nivel de vinculación xurídica. Todo isto co fin de axilizar a xestión destas modificacións.
- e) Establécese tamén unhas partidas específicas de transferencias correntes, a distribución das cales levarase a cabo por Decreto de Alcaldía, unha vez cumprido por parte dos seus beneficiarios os requisitos previstos para elo nas bases de execución.



FIRMANTE - FECHA



En virtude do exposto, permítome afirmar, motivada e fundamentadamente, que encontrámonos en presenza dun Orzamento caracterizado polas seguintes notas:

- Rigoroso e acorde ás normas xurídicas e criterios económicos de suficiencia e sustentabilidade.
- Responsable co interese xeral.
- Orientado ao emprego e aos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda Urbana 2030 e a Nova Axenda Urbana ONU-Hábitat.

Todas as accións descritas nesta Memoria, foron feitas compatibles cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

No contexto operativo anteriormente mencionado, este Goberno foi capaz de facer unha xestión orientada a priorizar o mantemento e mellora dos servizos públicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social dos cidadáns do Concello de Ribeira.

PROPOSTA

Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2024 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.

Por todo o exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:

1. Aprobado o Orzamento Xeral do Concello para 2024, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 31.615.596,22 €uros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.
2. Aprobado as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2024 que se achegan neste documento.
3. Aprobado o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.
4. Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.
5. Aprobado o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do Orzamento para o 2024, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2025.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía sobre o ditame da Comisión Informativa Especial de contas de data 7 de outubro de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PPBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 10 PP

-ABSTENCIONES: 0



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** do seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Especial de Contas, de data 7 de outubro de 2024, sobre **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2024. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO: -Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2024, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 31.615.596,22 €uros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.

SEGUNDO: -Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2024 que se achegan neste documento.

TERCEIRO: -Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.

CUARTO: -Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.

QUINTO: -Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do Orzamento para o 2024, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2025.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **21 horas e 50 minutos** do día da data do que eu, como Secretario en funcións dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo. Luis Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

